# ENTROIDO GALEGO

CRA DE BERGONDO







CHEGOU O ENTROIDO A GALICIA,
COMEZA A NOSA VIAXE,
IMOS A POBOS E VILAS
COÑECER AS PERSOAXES.

ENTROIDO GALEGO



# PELIQUEIRO

XA RESOAN POR LAZA
CENTOS E CENTOS DE CHOCAS
VELAÍ VAN OS PELIQUEIROS
ATA A PRAZA DA PICOTA.

## Laza



CRA DE BERGONDO

ENTROIDO GALEGO



# PANTALLA

AS PANTALLAS COAS VEXIGAS
A TODOS QUEREN ASUSTAR,
CORRE, CORRE QUE TE PILLO,
NON TE DEIXES ATRAPAR.

## Xinzo de Limia

CRA DE BERGONDO



# BOTEIRO

EN VIANA OS BOTEIROS
ACOMPAÑAN AO FOLIÓN,
UNS VAN DANDO CHIMPOS,
OUTROS VAN MARCANDO O SON.

## Viana do Bolo

# XENERAIS



OS XENERAIS DA ULLA
MONTADOS NOS SEUS CABALOS
CON SOMBREIROS DE PLUMA
VAN MOI ENGALANADOS.

## Val do Ulla

# VOLANTE



OS CAMIÑOS DA RIBEIRA PERCORREN OS VOLANTES, LUCINDO OS SEUS PUCHOS COLORIDOS E ELEGANTES.

## Chantada